

## UNHA VEZ MÁIS, AS CUESTIONABLES CATALOGACIÓN

Nestas últimas semanas, moitas persoas fomos valoradas no proceso de Catalogación. Este ano substitúese o nome e a grafía na valoración, pasando as letras A, B, C e D polos números 1, 2, 3 e 4.

Chama a atención as consecuencias da **valoración do número "1"**, pois o definen como: "Achega puntualmente aos obxectivos, requirindo acompañamento e orientación. Non se implica activamente no equipo nin na contribución á estratexia. Mostra desinterese por aliñarse ao propósito do Grupo". Esta cualificación é **despectiva, frustrante e desmotivadora**.

Ademais, engadiuse a actuación potencial -ou como lle chama o banco a Performance Potencial-, que ten como obxectivo identificar o nivel de desenvolvemento no que se atopa cada colaborador/a, onde se valora a capacidade, ambición, mobilidade funcional e a dispoñibilidade xeográfica. Dito doutra maneira: En base a como se valoren estes aspectos pódente definir como "Sen capacidade de crecemento e sen posibilidade de asumir roles de maior responsabilidade nun futuro".

**CCOO** consideramos que o sistema de catalogacións, contén entre outros, as seguintes carencias:

- ✚ Falta de información clara e concisa, para facilitar o traballo do avaliador/a. I
- ✚ Inexistente participación do avaliado/a no proceso .
- ✚ Asignación obrigatoria en cada CBC dunha "cota" si ou si, con valoración "1" .
- ✚ Nula obxectividade nos ítems que non teñen "información de apoio", ou de tela, é parcial e sen contemplar como acabas o exercicio ( p.ex. PBV con datos de outubro).
- ✚ Fácil manipulación á baixa por un superior xerárquico do avaliador/a que non ten contacto directo co avaliado/a.
- ✚ Insuficiente sensibilidade en moitos casos, na comunicación das valoracións "1".
- ✚ Imposibilidade de reverter a cualificación obtida, a pesar de demostrar que é errónea.

Desde **CCOO** pensamos que o Banco, un ano máis, retoma a aplicación dun sistema subxectivo, e que desgraciadamente é utilizado por algúns responsables cara ao seu persoal para atemorizala, presionala, forzando a facer prolongacións de xornada e dificultándolles a conciliación persoal.

**Dende CCOO pedimos ao persoal que indique "Non conforme" naquelas catalogacións que considere inxustas, subxectivas e sen fundamento**, doutro xeito, estaríamos a aceptar as posibles consecuencias que poderían carrexar. Igualmente, **aconsellamos redactar e enviar un escrito** ao teu responsable con copia a RRHH, co seu correspondente acuse de recibo, **argumentando a discrepancia e desconformidade**. Poñemos ao teu dispor un modelo **de escrito, se o necesitas**.

**Ponte en contacto coa túa delegada ou delegado de CCOO para que che podamos asesorar e acompañar en todo este proceso.**

Xaneiro 2018

**Non aceptes unha inxusta catalogación!**

**CCOO servicios bbva**

Tel. 981 95 32 21 - 93 401 44 53 - [bbvaccOO@servicios.ccoo.es](mailto:bbvaccOO@servicios.ccoo.es)  
[www.ccoo-servicios.es/bbva/](http://www.ccoo-servicios.es/bbva/) - tablón sindical en espacio - [www.ccoo-servicios.info](http://www.ccoo-servicios.info)  
<https://www.facebook.com/ccoobbva/> - <https://twitter.com/ccoobbva>  
adherida a la **unión network international**